



## **Pilar Rojo agradece a dedicación e profesionalidade do interventor xeral do Parlamento, que se xubila logo de 46 anos de servizo público**

**Santiago, 19 de marzo de 2015.-** A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, agradeceu a dedicación e profesionalidade do ata o de agora director de Intervención Xeral e Asuntos Económicos da Cámara, José María Ameijenda Cuns, que se xubila logo de 46 anos de servizo público.

Pilar Rojo despachou esta mañá co interventor por última vez antes de que o funcionario acceda á xubilación. A presidenta do Parlamento desexoulle a Ameijenda unha "merecida xubilación".

Ameijenda Cuns naceu en Malpica en 1945 e é licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. En 1969 ingresou por oposición no Corpo Nacional de Interventores da Administración Local. Dos seus 46 anos de vida profesional na función pública, 20 transcorreron na Administración municipal (exerceu nos concellos de Carballo, Betanzos, A Coruña, Fene e Ferrol), 6 na Administración autonómica e 20 no Parlamento de Galicia.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.